

MEMORIA PROGRAMA VOZ NATURA CURSO 2023/24
CEE Infanta Elena.
Monforte de Lemos, Lugo.

VOZ  **NATURA**

Contido

1. CENTRO.	3
2. OBXECTIVOS.	3
3. RECURSOS E METODOLOXÍA.	4
4. ACTIVIDADES REALIZADAS.....	6
Setembro 2023.....	6
Outubro 2023.....	7
Novembro 2023.....	8
Decembro 2023.....	10
Xaneiro 2024.....	11
Febreiro 2024.....	13
Marzo 2024.....	15
Abril 2024.....	19
Maio 2024.....	19
5. CONCLUSIÓNS	23

1. CENTRO.

O CEE Infanta Elena é un centro educativo de titularidade pública, nel ofértanse etapas educativas de primaria, secundaria e os programas formativos básicos de xardinaría e restauración. A formación vai dirixida a **alumnado no que concorran necesidades educativas especiais que non poden ser atendidas no marco das medidas de atención á diversidade dos centros ordinarios**. As idades do alumnado oscilan dende os 7 anos do alumno máis novo, ata os 21 e inclúe alumnado en escolarización combinada con outros centros da provincia.

Así mesmo, ofrece servizo de internado para o alumnado que o precise, segundo as súas circunstancias persoais.

O Centro sitúase na cidade de Monforte de Lemos (Lugo), nunha contorna semiurbana, pero conta con alumnado de diferentes provincias galegas. As familias pertencen, en xeral, a un nivel socioeconómico medio.



A nosa web: [CEE Infanta Elena | Monforte de Lemos \(xunta.gal\)](https://www.xunta.gal/cee-infanta-elena)
Instagram(biblioteca escolar): [@o_recuncho_da_patilena](https://www.instagram.com/o_recuncho_da_patilena)

2. OBXECTIVOS.

O obxectivo concreto pasaba por naturalizar o noso patio para que, ademais dun espazo educativo máis, se creasen novos espazos naturais, amables e atractivos para o noso alumnado empregando plantas autóctonas de gran rusticidade.

Por suposto este obxectivo non era meramente estético, e agochaba uns obxectivos xerais de maior importancia, así traballouse:

- Posta en valor dos ecosistemas naturais con toda á súa diversidade como indispensables para a vida no noso planeta.
- Sensibilizar ao alumnado sobre as necesidades preservar a nosa contorna.
- Aumentar a biodiversidade no Centro e concienciar ao alumnado da súa importancia.
- Acondicionar os espazos naturais dentro da escola.
- A importancia do aforro de auga.
- Promover interacción do Centro co medio natural.
- A observación activa do medio ambiente.
- Desenvolver actitudes e hábitos positivos respecto ó coidado de natureza.
- Recoñecer as árbores e arbustos autóctonos máis frecuentes na nosa contorna.
- Reflexionar sobre a importancia da fauna e flora silvestre.



3. RECURSOS E METODOLOXÍA.

A metodoloxía empregada foi fundamentalmente a aprendizaxe baseada en proxectos de xeito que o alumnado desenvolva a súa autonomía, propondo situacións relacionadas cos obxectivos e que supoñan a toma de decisións, buscando a posta en valor da flora e fauna autóctonas e dándolle un enfoque colaborativo que promova a implicación individual do alumnado para que o grupo funcione mellor.

Finalmente traballouse na medida das posibilidades o pensamento de deseño ou Design Thinking a hora de identificar problemas que xurdían para tratar de xerar solucións a partir da creación de recursos e a innovación.

Todos os grupos do centro participaron das actividades en maior ou menor medida, pero sen dubida o grupo con unha participación mais activa foi o programa formativo de xardinería, que tomou a iniciativa nas actividades e retos mensuais propostos polo programa Voz Natura.

En canto aos recursos empregados sen dubida o principal foron as diferentes instalacións do Centro: os patios, o invernadoiro, talleres, biblioteca,....

Os materiais funxibles, fundamentalmente planta de distintas especies, árbores, semente, substratos e outros elementos, foron adquiridos maioritariamente no viveiro A Campiña de Lemos, aquí na cidade de Monforte. Os elementos de ferraxaría (como arames, parafusos,...) que precisamos tamén foron adquiridos en comercios locais e finalmente un volume moi importante dos materiais que empregamos nas diferentes tarefas sería material de refugallo que se reutilizaba en función das nosas necesidades, cartóns de leite coma contedores, bandexas de porexpan do peixe coma sementeiros, palés de madeira, mobiliario en desuso,....

O Concello de Monforte tamén nos deu soporte, proporcionándonos un novo composteiro ou realizando a poda en altura dalgún dos exemplares do Centro e proporcionando unha actividade/ taller de reciclaxe.

Familias e traballadoras do centro proporcionaron semente de variedades locais para experimentar co seu cultivo no invernadoiro.

A coordinación das actividades estivo a cargo do profesorado do programa formativo de xardinería co apoio do claustro e equipo directivo.



4. ACTIVIDADES REALIZADAS.

As actividades realizáronse ao longo deste curso 23/24, completando o reto mensual proposto desde o programa e traballando nos obxectivos xerais do proxecto anual.

Como xa se mencionou a iniciativa foi do grupo de xardinaría que foi involucrando ao resto do alumnos do Centro nas diferentes actividades.


Diario de actividades.

Setembro 2023.

Froitos e sementes. Comezamos o curso recollendo diferentes froitos e sementes, (esta actividade prolongaríase uns meses, coincidindo co período de frutificación de diferentes especies) tanto de especies hortícolas coma de especies silvestres.

Das hortícolas e froiteiras recolléronse sementes no invernadoiro do centro e de diferentes variedades locais aportadas por alumnado, familias e docentes. Polo que respecta as variedades silvestres aproveitáronse as saídas pola contorna para recoller semente de diferentes especies autóctonas, principalmente especies forestais: *Acer pseudoplatanus*, *Betula alba*, *Castanea sativa*, *Crataegus monogyna*, *Fagus sylvatica*, *Fraxinus excelsior*, *Juglans regia*, *Laurus nobilis*, *Prunus spinosa*, *Quercus robur*, *Q. Pyrenaica*, *Q. Suber*, *Q. ilex*, *Sorbus acuparia*,...

As sementes acondicionáronse e almacenáronse agardando os tratamentos prexerminativos (se procede) e sementeira chegada a primavera.





Outubro 2023.

A compostaxe. Recibimos un novo composteiro, o alumnado de xardinaría foi o encargado de montalo e explicar ao resto de grupos, docentes e persoal como separar os residuos para aproveitar a fracción orgánica para a súa compostaxe, tamén distribuíron os contedores que eles mesmos recollerían diariamente para depositar no composteiro. O propio grupo formouse en como realizar un compost de calidade, tarefa non sinxela tendo en conta que ademais dos restos das tarefas de xardinaría e invernadoiro tamén se compostarían os restos orgánicos recollidos no comedor do Centro.

O programa formativo de restauración, moi implicado coa compostaxe, encargase de xestionar os seus residuos orgánicos tamén no composteiro.

O compost producido empregase no propio colexio, coma fertilizante, no invernadoiro e na plantación de árbores.



Novembro 2023

#Retoinvestigamos, aproveitando que o tempo acompañaba o reto pasou pola investigación dos **cogomelos**, eses seres tan importantes para o noso hábitat pero tan descoñecidos e en ocasións temidos.


Deste xeito o traballo pasou por :

- Saír do alumnado na procura de cogomelos acompañados dun experto polos montes da contorna.
- Recompilar información e conseguir novos datos na biblioteca escolar, co fin de elaborar un tríptico informativo sobre Como?, Que empregar?, Que non facer e páxinas de interese sobre a recollida deste produto de tempada

Traballamos en equipo e contamos con Juan, coidador no centro e apaixonado da micoloxía desde neno, para supervisar o noso traballo.

De xeito adicional tamén puidemos examinar ao microscopio e lentes diferentes mofos e a esporada dalgún dos exemplares recollidos na saída ao monte.





Ademais no mes de novembro, e gracias ao equipo de EDLG, recibimos a visita de Anxo Moure no Centro. Pasamos unha moi boa tarde de xogos, bailes e aprendizaxes de como que hai que coidar o medio ambiente para poder ter futuro.



Tamén houbo momentos de traballo xa que plantamos en botas e zapatos vellos unha árbore.



Neste mes de novembro una das contadas da **biblioteca escolar**, nas que foron invitados os alumnos de infantil do noso veciño colexio de A Gándara, desfrutamos de "EL PEQUEÑO JARDINERO" de Emily Hughes, da Editorial Impedimenta. Unha fábula ilustrada sobre un pequeno rapaz que se sente incapaz superado polo traballo que supón coidar do seu gran xardín hasta que decide pedir axuda e como as primeiras flores son a recompensa ao traballo ben feito e unha esperanza de cara ao futuro.

Decembro 2023.

#RetoReutilizamos. Desde o programa formativo de xardinaría vense practicando a reutilización de diferentes produtos de refugallo, desde comezo de curso e coma un recurso para **reducir o consumo** de diferentes insumos como poden ser contedores para planta, empregando macetas usadas previa desinfección, bricks, bandexas de porexpan ou polietileno procedente de supermercados ou do comedor como sementeiros; madeira procedente de palés para diferentes usos coma un hotel de bechos ou os propios palés para construír un composteiro, mobiliario en desuso como mesas escolares ou traveseiros de camas para crear xardineiras, etc...

Tamén o resto de grupos reutilizaron diferentes materiais, aproveitando o préstamo por parte do CFR dunha cortadora láser, para elaborar diferentes obxectos ou carteis en materiais coma cartón de caixas restos de madeira, tableiros ou cortiza.



Desde a **biblioteca escolar** propónse para a contada "LA DESASTROSA AVENTURA DE UNA CÁSCARA DE PLÁTANO" de Alicia Acosta e Lorenzo Sangiό. Un libriño que trata sobre RESPONSABILIDADE, SOSTENIBILIDADE, RESIDUOS....e ademais elaborouse un material para, en forma de xogo, repasar onde van os diferentes RESIDUOS pasando un bo rato coa rapazada de infantil do CEIP A Gándara para axudar.



Tamén desde a biblioteca escolar e co gallo do mes da ciencia propúxose, entre outras, unha actividade con diferentes retos relativos as plantas medicinais aproveitando as que se foron incorporando a flora do Centro.



Xaneiro 2024.

#RetoDivulgamos. Este mes a proposta foi a de por en valor as inxustamente chamadas malas herbas e de paso explorar un pouco na sabedoría popular asociada as diferentes plantas silvestres e os seus usos terapéuticos e medicinais.

Para facelo dun xeito que captase a atención dos nosos interlocutores que mellor que elaborar un produto seguro e natural con ,ademais, propiedades rexeneradoras da pel.

Empregamos para elaborar unha pomada: aceite de oliva, cera de abella (para dar consistencia) e unha planta moi abundosa nos patios da nosa escola, o llantén menor ou lingua de ovella (*Plantago lanceolata*).

Recoñecer como un éxito a experiencia e xa temos apalabrado un taller aberto ao persoal do Centro para que aprendan a facela.



Durante este mes e o seguinte, foi preciso acometer a poda das froiteiras e outras árbores do colexio algo que aproveitamos para, cos restos de poda unha vez triturados e compostados nunha morea, empregalos coma acolchado (bio-mulch) dos alcorques das propias froiteiras, así diminuíremos as adventicias, reducimos as necesidades de rega e melloramos a microbiota do solo. Un montón de vantaxes para algo que antes non era mais que un residuo dunha actividade agrícola.






Febreiro 2024.

#RetoAforramos. Para este reto propuxemos 6 accións que nos permitirían ter un aforro enerxético e polo tanto ter menor cantidade de emisións e así axudar a coidar o medio ambiente.

As propostas son:



No vídeo poderedes ver as nosas 6 propostas para o AFORRO ENERXÉTICO.



Na **biblioteca** dúas propostas moi de actualidade nese momento; por un lado a conta da preocupación que xeraba a chegada de pellets plásticos as nosas costas traballouse a proposta *OS PLÁSTICOS NO MAR*, unha actividade na que os diferentes grupos traballaron os diferentes ecosistemas mariños e a problemática dos plásticos nos mares. A actividade consistiu en traballar un dos contos do libro "*CUENTOS PARA SALVAR EL PLANETA*" que visualizaron na pizarra dixital, para de seguido e por medio de bandexas con **PICTOGRAMAS** e a **mesa TUFF** ir retirando (o que non debe estar) e engadindo elementos (area, animais, cunchas...) que si deben estar nas nosas praias.



A outra interesante proposta da **biblioteca** foi a contada na que se leu "*FELIPE TIENE GRIPE*" de Edicións JAGUAR a súa autora Gracia Iglesias e ilustradora

Sara Sánchez. Nel o protagonista percorre un longo camiño ata que consegue librarse do arrefriado. Para completar a experiencia o BIBLIOAXUDANTE, Rico, recibiu e acompañou á rapazada da Gándara que nos visitaba, a colleitar e ensinar diferentes herbas que podemos atopar no Centro.



Tamén durante todo o mes de febreiro puidemos desfrutar na **biblioteca escolar** da **Maleta: cambio climático** que o **CEIDA** (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia) nos emprestou a través da súa Biblioteca e Centro de Documentación Ambiental. Realizándose co seu contido diferentes actividades como: Recepción/devolución da maleta e divulgación do contido ao alumnado e ao profesorado do centro, realizar diferentes lecturas e posterior posta en común sobre o contido das mesmas,...



Marzo 2024.

#Reto Plantamos. Chegou a primavera e plantamos!! En realidade continuamos a plantar pois xa levabamos todo o curso coa tarefa, no invernadoiro coas hortícolas de inverno, xa tiñamos chícharos, repolo, fabas, leitugas, brecol,...

Tiñamos xa feitos sementeiros de aromáticas e algunhas outras hortícolas para levar a terra cando chegase ao tempo (pementos de Guláns e tomate Negro de

Santiago, tamén algunhas de variedades colleitadas por nos o alguén da nosa comunidade educativa). Como quen di xa estabamos a tope.

Outra cousa foi a plantación de especies arbóreas, tiñamos todo previsto para montar un pequeno souto de castiñeiros e continuar con outras especies autóctonas cando fomos conscientes, tras as moi numerosas choivas da tempada, que baixo unha fina capa de solo atopabámonos con unha capa de arxila que freaba a infiltración da auga, formándose unha balsa de auga aos poucos centímetros de solo que provocaría a morte por asfixia das especies non adecuadas (por exemplo os nosos castiñeiros). Aquí onde outros verían un problema importante nos vimos unha oportunidade, así que que plantamos os castiñeiros en zonas menos problemáticas, un deles coma exemplar e os outros catro pasarían a ser plantas nai das que extraer mais castiñeiros nos vindeiros anos. E para a nosa senda de autóctonas? Pois decidimos comezar a sementar e plantar as sementes colleitadas no outono con especies que puideran ser mais resistentes ao asolagamento do solo: bidueiros, pradairos, salgueiros (estacas), loureiro, ...

A estas alturas xa contamos con algúns exemplares, aínda novos, pero prometedores.





Desde a **biblioteca escolar** foron quen de xuntar unha actividade que se estaba a desenvolver desde o programa de xardinería, a **construción dun hotel de bechos**, coa conmemoración do **día da poesía** (marabilloso!!). Así escolleron para a contada xunto cos nosos veciños do colexio a Gándara o libro "**BECHOPOEMAS**" de Leire Bilbao, con ilustracións de Maite Mutuberria da editorial KALANDRAKA, e para completar a actividade, Marly, do Programas Formativo de Xardinería, foi contar como se estaba a construír un hotel para bechos a partir da madeira dun palé, a súa utilidade e repartindo ao final uns chocolates con forma de xoaniña.





como facer...

UN HOTEL DE BECHOS



RETO VOL NATURA
MARZO

MATERIAIS

EMPREGAMOS UN VELLO PALET DE MADEIRA. ANTES DE COMEZAR A FACELO DEBEMOS RETIRAR AS PUNTAS E ACHAS ADEMAIS DE LIXAR A MADEIRA.

O ARMAZÓN

PRESENTAMOS AS PEZAS PARA FACER O ARMAZÓN. COLOCAMOS PARAFUSOS DE UNIÓN DAS 4 PARTES .



INTERIOR

PREPARAMOS AS DIVISIÓNS DO CENTRO DO NOSO HOTEL DE BECHOS. MEDIMOS E COMPROBAMOS VARIAS VECES A MEDIDA LOGO CORTAMOS AS PEZAS (USO DE EPIS) E COLOCÁMOLAS DENTRO DO ARMAZÓN. COLOCAREMOS MALLA ESTILO GALINEIRO NA TRASEIRA PARA QUE NON CAIAN OS OBOXECTOS QUE COLOQUEMOS.




MATERIAIS INTERIOR

DENTRO DO NOSO HOTEL DE BECHOS COLOCARMEOS PEQUENOS TRONCOS, CANAS, VEXETAIS SECOS, PIÑAS...CADA UN DELES NUN ESPAZO DIFERENTE.

COLOCACIÓN

POREMOS UNHAS PATAS AO NOSO HOTEL DE BECHOS E SITUARÉMOLO NO INVERNADOIRO.



Abril 2024.

#RetoConcienciamos. Para este reto investigamos para preparar un texto referido a cada unha das 6 accións escollidas no reto de febreiro. O alumnado de xardinaría traballou para adaptar e sintetizar en pouco máis de 30 segundos de duración para que fose accesible a todos os compañeiros do cole.

O texto foi gravado para que poda ser empregado nas aulas ou en actividades que se poidan elaborar na nosa aula virtual.

Pulsar para escoitar o son!

[SENSIBILIZAR](#)

[COMOSTAXE](#)

ECOMOBILIDADE

AFORRO

CONSUMO SILENCIOSO

EFICIENCIA



Maio 2024.

#RetoReciclamos. No noso cole levamos moito tempo concienciados coa reciclaxe, en diferentes lugares do centro sitúanse colectores de papel /cartón, envases, restos e en cocina e sala de mestres un contedor para fracción orgánica e que se compostará. A entrada do Centro dispoñemos de colectores municipais de papel, envases, vidro, restos e fracción orgánica.


A maiores no taller de xardinaría dispónse un contedor para produtos contaminados (con gasolina ou aceite de motor) con destino ao punto limpo da cidade.



Tamén neste mes de maio desfrutamos dunha actividade sobre a reciclaxe proporcionada polo concello, nela comprobamos o que xa sabiamos e resolvemos moitas dúbidas empregando actividades e xogos.



Finalmente os docentes elaboramos unha actividade con pictogramas, pensada para as pantallas dixitais sobre reciclaxe nas que todo o alumnado poida practicar o que sabe, seleccionando o contedor adecuado a cada tipo de residuo.



Polo que respecta a biblioteca este mes dedicou unha das súas contadas a "O MAIO", un clásico da literatura galega como álbum ilustrado, da editorial XERAIS e da man de Blanca Millán que converte un poema de Curros Enríquez nunha festa visual chea de tradicións. Primeiro traballouse cos rapaces e rapazas os elementos que compoñen o MAIO e así aproveitamos para traballar vocabulario en GALEGO.

XESTA--FIUNCHO-CARRABOUXO- PAMPILLO-LARANXA-OVO-LIMÓN-CALA.....

Logo tivemos que emparellar a foto coa palabra escrita.

Contamos o libriñoe finalmente por medio das fotografías e a lousa dixital identificamos todos eses elementos en diferentes MAIOS.





Obxectivos xerais.

Polo que respecta aos obxectivos xerais do proxecto debeuse aprazar o obxectivo de crear unha senda de árbores autóctonas polos motivos xa comentados, xa si se introduciron castiñeiros no Centro pero non coma parte da senda, pois as condicións edáficas non o permitiron. Neste vindeiro curso dispoñemos de especies mellor adaptadas as condicións dun tamaño apropiado e concluírase a proposta.

No patio traseiro en pos da Naturalización optouse por facer un rozado a principio de curso e despois manter unha pradaría natural con unha altura de 30-40 cm, si foron rozadas as zonas de xogo e corredores interiores para facilitar o uso do mesmo. A elección dunha pradaría natural permite un importante aforro de man de obra, combustible e sobre todo auga, pois esta ten unhas necesidades moito menores as de un céspede, ademais, ao evitar as segas frecuentes non favorecemos a colonización de gramíneas, de moito maior altura que obrigarían a súa sega.



A introdución de aromáticas non se fixo nunha zona exclusiva do Centro, así en diferentes zonas pódese desfrutar de diferentes mentas (*Mentha suaveolens*, *Mentha x piperita*, *Mentha spicata*), cilantro (*Coriandrum sativum*), ruda (*Ruta graveolens*), lavanda (*Lavandula angustifolia*), santolina (*Santolina chamaecyparissus*), herba luisa (*Aloysia citrodora*), laurel (*Laurus nobilis*), tomillo (*Thymus vulgaris*), rómeo (*Salvia rosmarinus*), ourego (*Origanum vulgare*), perexil (*Petroselinum crispum*), albahaca (*Ocimum basilicum*), curri (*Helichrysum italicum*) ou melisa (*Melissa officinalis*) así como culinarias como amorodos silvestres (*Fragaria vesca*), moras (*Rubus fruticosus*) ou framboesas (*Rubus idaeus*).

5. CONCLUSIÓN

A experiencia foi tremendamente positiva, todos os grupos participaron das actividades en maior ou menor medida segundo as súas circunstancias, a implicación da biblioteca foi total, programando incluso actividades (contadas ou mes da ciencia) en consonancia co programa Voz Natura.

Os retos mensuais fóronse completando con gran interese polo alumnado, que desfrutou e aprendeu moito no camiño.

Sen dúbida o grao de implicación e de desfrute das actividades son un elemento a manter.

Deberemos no vindeiro ano completar e se cabe ampliar as actividades non acadadas, referímonos a senda con especies autóctonas, a non consecución deste obxectivo ten moito que ver coa inexperiencia do coordinador neste Centro e ao seu proceso de adaptación as dinámicas nestas ensinanzas. Isto sen dúbida debe mellorar no vindeiro curso, coñecidos o Centro e o alumnado.

A proposta de proxecto para o vindeiro ano resulta ambiciosa pero moi motivadora, pensamos que está nas nosas mans completalo con éxito.

Monforte de Lemos, 14 maio de 2024.

David Toural Rodríguez